

## ***Dez anos do Anuario Sarmiento***

Nos días da conmemoración do tricentenario do nacemento do Padre Sarmiento (1995) e nos momentos en que a Universidade de Santiago viña de celebrar as súas orixes históricas, o Grupo Galego de Historiadores da Educación decidimos poñer en marcha unha publicación galega e universitaria especializada e referida ao campo dos estudos históricos de educación, acolléndonos á venerable figura de Sarmiento

Pretendíamos poñer en pé un instrumento de comunicación histórico-educativa, atento aos debates historiográficos, espacio de impulso da historia da educación en Galicia, favorable á normalización lingüística e cultural, medio de intercambio académico e científico hispano e internacional, e tamén soporte adecuado e reflexo da construción do coñecemento especializado.

Hoxe chegamos ao *número dez* do anuario, sempre presente desde o seu primeiro número correspondente a 1997. E naturalmente botamos unha ollada e revisamos o que son os froitos dos obxectivos pretendidos. Sen dúbida, construímos un instrumento de comunicación cun positivo balance. Tanto a través das súas páxinas monográficas, que foron ofrecendo perspectivas temáticas que responden ao noso tempo historiográfico (alfabetización, a educación das mulleres, o tempo republicano...), como a través dos estudos e achegas de diverso tipo e enfoque, e mesmo mediante as reseñas de libros e notas de actualidade. O anuario *Sarmiento* ven contribuíndo, así, ao desenvolvemento e á sensibilización social e académica en derredor do coñecemento histórico-educativo, e non só en e desde Galicia. En efecto, nas súas páxinas viñeron aparecendo contribucións procedentes doutras Comunidades españolas, como tamén de Portugal e do Brasil, en particular. Este diálogo cultural seguirá marcando a vida futura desta publicación da mesma forma que o ten marcado ate o de agora.

Os proxectos de futuro, asentados sobre esta experiencia próxima pasada, situámoslos, agora, na preocupación pola calidade das contribucións de estudo, na atención esixente aos discursos e debates historiográficos, na intensificación do diálogo cultural desde Galicia con outras comunidades e terras e na mellora da capacidade informativa coa incorporación de soportes virtuais e a indexación electrónica.

Non é este mal momento para agradecer a acollida cálida dos lectores en Galicia e no exterior, o acompañamento que nos brindaron os destacados profesores que compoñen o Consello Asesor editorial, a comprensión e apoio aportados polos Servizos de Publicacións das tres Universidades Galegas ( A Coruña, Santiago e Vigo, responsable, este último, da edición de revista), a atención constante do persoal técnico destes servizos, como tamén do das casas impresoras colaboradoras, e mesmo os apoios institucionais recibidos da Xunta de Galicia.

Chegamos ao *número dez* no ano que a nivel institucional se ten declarado como *Ano da Memoria Histórica*, en relación co 70 Aniversario da ruptura da legalidade constitucional da IIª República, a través do golpe de estado e subseguinte Dictadura franquista. *Sarmiento* non podía quedar á marxe desta celebración. As consecuencias políticas, sociais, culturais e educativas obríganos a facer memoria no nome de todos nós. Con esta consciencia, agora que chegamos os dez anos de presenza, queremos realizar unha, ben que modesta, contribución ao coñecemento e interpretación do que o tempo da IIª República e o franquismo significaron no eido educativo e social.

*O Comité de Redacción*